

## REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 04/07/2024 13:17:44

SAIDA 11799/24



Sr. alcalde-presidente do Concello de Vigo  
Praza do Rei  
36202 VIGO (Pontevedra)

Expediente: N.9.Q/107/24

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2024.

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por D. Xavier Pérez Igrexas en calidade de portavoz do Grupo Municipal do BNG no Concello de Vigo

### ANTECEDENTES

**PRIMEIRO.-** No seu escrito de queixa o reclamante, esencialmente, pon de manifesto o seguinte:

#### ANTECEDENTES E FEITOS

*Con data de 30 de novembro de 2023, que subscribe, como concelleiro e Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego solicitou, ao abeiro do artigo 9 do Regulamento Orgánico do Pleno mediante escrito presentado por rexistro (Expte. Pleno:4171-1101, que se anexa á presente e cuxo contido dá por reproducido) que "se lle informe da situación administrativa do expediente de reequilibrio económico da concesión do bus urbano e da cuantificación dunha eventual nova indemnización a Vitrasa, e que se lle facilite acceso íntegro, a través do aplicativo de Xestión de Expedientes Municipais, a toda a documentación obrante en expedientes municipais relativa a esta cuestión."*

*Con data de 11 de decembro de 2023, recibe Resolución (que se acompaña como anexo á presente e que cuxo contido dáse por reproducido) subscripción polo segundo Tenente de Alcalde e concelleiro de Área de Goberno de Fomento e Servizos, cuxo contido íntegro dáse por reproducido, acórdase o seguinte nos seus dous primeiros puntos o que segue:*

*"PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude de información formulada polo concelleiro e voceiro do grupo municipal do BNG D. Xabier Pérez Igrexas, toda vez que o dereito de acceso a información pública dos cargos electos limitase aos antecedentes e información existente, pero non alcanza a petición de elaboración de informes específicos.*

*SEGUNDO.- Estimar a solicitude do concelleiro e voceiro do grupo municipal do BNG, Xabier Pérez Igrexas de acceso ao expediente do reequilibrio económico da concesión do bus urbano, que será habilitado no momento no que se acheguen ao expediente os informes solicitados e preceptivos, para a resolución do expediente."*

*Na resolución identifícase o expediente solicitado co número 3773-449.*

### **SOBRE A SOLICITUDE DE INFORMACIÓN**

*En relación ao punto primeiro, sinalar que a solicitude de información realizada non se refire en ningún momento á elaboración de informe algún, nen precisa a elaboración dun informe por parte dos servizos técnicos do Concello.*

*A formulación da solicitude de información é clara e pode ser respostada sen elaboración de informe que é de todo innecesario, producindo coa resolución desestimatoria unha vulneración dos dereitos do concelleiro solicitante amparados no artigo 23 da Constitución, no artigo 4 do Estatuto de Autonomía de Galiza e na restante normativa de aplicación, nomeadamente no xa invocado artigo 9 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo; no artigo 14 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; e no artigo 226.1 da Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galiza.*

*O Tribunal Supremo (Sala do Contencioso Administrativo) ditou Sentenza de Casación a este respecto establecendo o seguinte (Sentenza nº 670/2022) "una interpretación que suponga negar el derecho a la información pública "cuando la respuesta a la solicitud cursada - aunque requiera informe del Servicio o unidad administrativa en casa caso- sea del todo simple y no requiera de mayores razonamientos, como es el caso de responder sencillamente "si la actividad de golf dispone de licencia ambiental y de actividad"*

*"... si bien la Sala de instancia no extendió este criterio, que estimamos plenamente conforme con los criterios de esta Sala antes expuestos, al resto de los extremos de la información solicitada, en los que están presentes las mismas características de respuesta simple que no requiere de mayor razonamiento, pues se refieren a cuestiones tales como fechas de inicio y de paralización de unas obras en un concreto sector urbanístico, medidas adoptadas por el Ayuntamiento, cumplimiento del trámite de información pública en un concreto expediente y otras similares, sin justificar las razones de la diferencia de trato entre unos y otros extremos de la información solicitada."*

*"Reiteramos el criterio jurisprudencial fijado en la sentencia de 16 de octubre de 2017 (recurso 75/2017), consistente en que la formulación amplia en el reconocimiento y en la*

*regulación legal del derecho de acceso a la información obliga a interpretar de forma estricta, cuando no restrictiva, tanto las limitaciones a ese derecho ...sin que quepa aceptar limitaciones que supongan un menoscabo injustificado y desproporcionado del derecho de acceso a la información”*

#### **SOBRE A SOLICITUDE DE ACCESO AO EXPEDIENTE**

*En relación á solicitude de acceso ao expediente que formalmente se estima pero que non se efectiviza, alegando xenericamente que a mesma se habilitará “no momento no que se acheguen ao expediente os informes solicitados e preceptivos, para a resolución do expediente”, esta resolución supón na práctica impedir o exercicio ao dereito legal recoñecido expresamente no artigo 9.4 do Regulamento Orgánico do Pleno no que se establece que:*

*“(...) os concelleiros, previa petición presentada no Rexistro do Pleno, sen necesidade de xustificación, obterán do Alcalde para a súa consulta e exame, cantos expedientes, antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.*

*A petición non se referirá a cuestións xenéricas ou indiscriminadas e concretará o obxecto da información; resolverase e materializará nos cinco días naturais seguintes ao da presentación; entenderase outorgada por silencio se non se dita e notifica Resolución denegatoria fundada en tal prazo. (...)”*

*Dado que a resolución que se impugna a través de recurso de reposición foi emitida o 11 de decembro, isto é superado o prazo legal fixado polo ROP de cinco días naturais, esta parte adquiriu o dereito de acceso á información solicitada por silencio positivo.*

*En aplicación dos artigos 38 e 39 da LPAC, que dispón que os actos das Administracións Públicas son inmediatamente executivos, por medio do presente intereso que se proceda a executar o acto administrativo, consistente en acceso aos expedientes e documentación municipal sinalados nos apartados primeiro e segundo desta parte expositiva.*

*De acordo co establecido no art. 23.1 da Constitución, o dereito á información dos concelleiros e concelleiras, como representantes da cidadanía, é un dereito fundamental que esixe a súa participación e coñecemento de cantos datos poidan afectar ao exercicio das súas funcións de representación, dereito que se concreta no establecido no art. 77 da LRBRL, e arts. 14, 15 e 16 do ROF, e o xa invocado artigo 9 do ROP do Concello de Vigo, cando refiren que todos os membros das Corporacións Locais teñen dereito a obter da Alcaldía-Presidencia, cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e*

*resulten precisos para o desenvolvemento da súa función, polo que en principio, con carácter xeral, recoñécese un dereito a obter información, que obre nos servizos do Concello, a fin de poder exercer convenientemente a función de fiscalización e control da acción de goberno do Ente local.*

*O artigo 14.2 do ROF, ao igual que o artigo 9 do ROP, sinala que a petición de acceso á información entenderase concedida por silencio administrativo no caso de non ditar acordo no prazo dos 5 días naturais.*

*Sendo que a resolución sobre a solicitude de acceso a expediente non foi emitida no prazo legal, o mesmo ten que poder ser efectuado polo concelleiro solicitante, para o que é preciso que desde o Concello se lle dea acceso a través do aplicativo municipal de xestión de expedientes, á maior brevidade, tendo en conta o tempo pasado desde a petición de acceso e os efectos do silencio positivo.*

*Procede entender estimada a solicitude por silencio administrativo positivo dado que, en aplicación do artigo 24 da LPAC, nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, o vencemento do prazo máximo sen notificarse resolución expresa lexítima ao interesado para entendela estimada por silencio administrativo.*

*Que tal como apunta a doutrina e a xurisprudencia, a ausencia de resolución do órgano administrativo e ese baleirado de actividade enténdese cuberto cun acto que, ao non existir, suponse presunto e cuxo contido enténdese favorábel á pretensión solicitada. Ademais, a todos os efectos se crea a ficción de que hai un acto administrativo que se equipara ao que no seu caso tivese ditado ese órgano administrativo estimando a pretensión exposta.*

*Neste caso en concreto a información solicitada encaixa no dereito do solicitante a coñecer toda a información que obre en poder do Concello en relación aos asuntos correspondentes. E así se ten manifestado en numerosas ocasións a xurisprudencia en cuestións similares a aquí exposta, así por exemplo, na Sentenza do TSX de La Rioja (REC. 76/2007) sinala que "Es abundante la Jurisprudencia del TS recaída en procedimientos de protección de los derechos fundamentales como el presente en el que se estima la vulneración del derecho antes transcrito y así la STS de 20 de junio de 2003 en supuesto sustantivamente igual y en la que se recogen los distintos pronunciamientos jurisprudenciales dictados por la Sala del Alto Tribunal, así como la doctrina del Tribunal Constitucional, se pronuncia en los siguientes términos: "...parece evidente que concurriendo el requisito previsto en el artículo 14.1 del ROFRJEL antes reseñado, debió entenderse concedida la autorización por silencio administrativo positivo, en relación con la solicitud presentada que quedaba circunscrita a la toma de conocimiento mediante el acceso directo a la documentación informativa, en los términos y con los requisitos que el texto legal menciona, pudiendo entenderse que esa*

*entrega le fue denegada a los recurrentes y debe observarse al propio tiempo que es precisamente el acceso a la información para el ejercicio de la función de concejal lo que cubre el artículo 14 del ROF ... debiéndose destacar que es aquel derecho de acceso a la información el que se integra en el contenido del derecho fundamental del artículo 23.2 CE ..." y que "El acto presunto del Ayuntamiento no solo infringió el derecho fundamental de participación cuya protección se solicita, sino los términos del artículo 14.2 del ROFRJEL, que determinan que el silencio, en los supuestos como el que nos ocupa, es positivo, no negativo, es decir que el Ayuntamiento no accedió a la petición transcurridos los cinco días que tenía la Administración Local para resolver expresamente y durante dicho plazo no se facilitó la información precisa". De igual modo la STS de 14 de abril de 2003."*

#### **DA ARBITRARIIDADE E FALLA DE FUNDAMENTACIÓN NA ESTIMACIÓN "EN DIFERIDO"**

*Tendo en conta que tal e como fixa o artigo 9.6 do ROP, no que se sinala que "O acceso libre á información; o libramento de copias nos casos de libre acceso e o acceso que requira autorización materializárase, no seu caso, mediante a autorización de acceso electrónico o Expediente solicitado na aplicación informática "Xestión de Expedientes", o Goberno municipal non pode invocar a eficacia administrativa para denegar, ou neste caso postergar sine die e de maneira arbitraria e discrecional o acceso ao expediente solicitado en tanto que ese acceso realizase a través de medios electrónicos e non impide, nin interfire, en ningún caso e baixo ningún parámetro na continuidade da tramitación administrativa do referido expediente.*

*Aliás, esta decisión vai en contra de actos previos da propia administración municipal do Concello de Vigo que atendendo o carácter "vivo" dos seus expedientes, o feito de ficaren "incompletos" a efectos da súa eventual resolución non impediou, nin impide, que o concelleiro que subscribe poida acceder aos mesmos, como se pode acreditar no feito, por citar apenas un exemplo, de ter acceso habilitado ao expediente da Revisión do PXOM de Vigo durante todos os fitos da súa tramitación, mentres simultaneamente se incorporaban informes sectoriais ao mesmo ou mentres está, como arestora, á espera de informes preceptivos previos á súa aprobación definitiva.*

*Hai que engadir, que no prazo transcorrido desde a emisión da resolución que se impugna e a presentación do recurso de reposición o Goberno municipal non facilitou ningunha información adicional ao solicitante que continúa sen ter acceso ao expediente.*

*Desta maneira queda en evidencia que a presunta estimación "en diferido" para o acceso ao expediente municipal solicitado só obedece a criterios de oportunidade política que lesionan de maneira grave e flagrante os dereitos fundamentais que asisten a quen subscribe na súa*

*calidade de concelleiro e Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Vigo.*

**SEGUNDO.**- Ante iso requirimos información a ese concello que nos remitiu informe emitido pola xefa do servizo de Transportes do Concello de Vigo, no que se pon de manifesto o seguinte:

#### **CONTIDO DA QUEIXA**

*O contido da queixa presentada ante a Valedora do Pobo se corresponde integramente co contido do recurso de reposición presentado na data 11 de xaneiro de 2024 por D. Xavier Pérez Igrexas en calidade de portavoz do Grupo Municipal do BNG no Concello de Vigo, ante a resolución ditada na data 11 de decembro de 2023 polo Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro de Área de Goberno de Fomento e Servizos en resposta a solicitude de acceso a información formulada polo mencionado portavoz do Grupo Municipal do BNG no Concello de Vigo.*

#### **INFORME**

*En relación co contido da queixa e consultada a documentación obrante neste servizo, infórmase o seguinte:*

*O recurso de reposición presentado na data 11 de xaneiro de 2024 por D. Xavier Pérez Igrexas en calidade de portavoz do Grupo Municipal do BNG no Concello de Vigo, cuxo contido correspondese integramente coa queixa presentada ante a Valedora do Pobo, foi resolto na data 12 de febreiro de 2024 por Resolución do Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro de Área de Goberno de Fomento e Servizos, notificada na data 13 de febreiro de 2024.*

*Achegase copia da mencionada resolución.*

**RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. XAVIER PÉREZ IGREXAS CONTRA A RESOLUCIÓN DE DATA 11 DE DECEMBRO DE 2023. DA AREA DE GOBERNO DE FOMENTO E SERVIZOS. EXPEDIENTE 4481-449 (4171-1101 DOCUMENTO 230394992)**

#### **ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO.**-*En data 4 de decembro de 2023 a Secretaría Xeral de Pleno remite ao Servizo de Transportes a solicitude do concelleiro e portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista*



*Galego BNG, Xabier Pérez Igrexas presentada no rexistro do Pleno co núm. (expte 4171-1101) no que interesa se lle informe da situación administrativa do expediente do reequilibrio económico da concesión do bus urbano e da cuantificación dunha eventual nova indemnización a Vitrasa, e que se lle facilite acceso integro, a través do aplicativo de Xestión de expedientes Municipais, a toda a documentación obrante en expedientes municipais relativa a esta cuestión.*

*SEGUNDO.-En data 11de decembro de 2023 polo segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Area de Goberno de Fomento e Servizos foi ditada Resolución que nos puntos obxecto de recurso di:*

*PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude de información formulada polo concelleiro e voceiro do grupo municipal do BNG D. Xabier Pérez Igrexas, toda vez que o dereito de acceso a información pública dos cargos electos limitábase aos antecedentes e información existente, pero non alcanza a petición de elaboración de informes específicos.*

*SEGUNDO.- Estimar a solicitude do concelleiro e voceiro do grupo municipal do BNG, Xabier Pérez Igrexas de acceso ao expediente do reequilibrio económico da concesión do bus urbano, que será habilitado no momento no que se acheguen ao expediente os informes solicitados e preceptivos, para a resolución do expediente.*

*Dita Resolución foi notificada ao interesado na mesma data*

*TERCEIRO.-Na data 9 de xaneiro de 2024 D. Xavier Pérez Igrexas en calidade de concelleiro e Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Vigo interpón recurso de reposición contra a Resolución de data 11 de decembro de 2023, relativa a solicitude de información.*

*O citado recurso de reposición se formula en base as seguintes alegacións:*

#### **ALEGACIÓNS:**

*En relación coa solicitude de información non se refire en ningún momento a elaboración de informe algún nin precisa a elaboración dun informe por parte dos servizos técnicos do Concello. ( alegación terceira )*

*En relación coa solicitude de acceso a o expediente que formalmente se estima pero non se efectiviza, a resolución supón na practica impedir o exercicio ao dereito legal recoñecido expresamente no artigo 9.4 do regulamento orgánico do pleno ( alegación cuarta )*

*Dado que a resolución que se impugna foi emitida o día 11 de decembro, isto e superado o prazo legal fixado polo ROP de 5 días naturais, esta parte adquiriu o dereito de acceso a información solicitada por silencio positivo ( alegación cuarta )*

*O Goberno Local non pode invocar a eficacia administrativa para denegar ou postergar sine die e de maneira arbitraria e discrecional o acceso ao expediente solicitado xa que o acceso realizase a través de medios electrónicos que non interfiren a continuidade da tramitación administrativa ( alegación quinta )*

*Polo que interesa que se proceda a executar o acto administrativo consistente en acceso aos expedientes e documentación municipal sinalados nos apartados primeiro e segundo desta parte expositiva e se proceda d emaneira inmediata a facilitar acceso integro ao expediente municipal 3773-449*

#### INFORME

*En relación coa alegación terceira, o concelleiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Vigo, no seu escrito si que solicita "se lle informe da situación administrativa do expediente do reequilibrio económico da concesión do bus urbano e da cuantificación dunha eventual nova indemnización a Vitrasa ", polo que é correcto o contido do apartado primeiro da resolución ditada na data 11 de decembro de 2023 de conformidade co disposto no artigo 9.4 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo "os concelleiros, previa petición presentada no Rexistro do Pleno, sen necesidade de xustificación, obterán do Alcalde para a súa consulta e exame, cantos expedientes, antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función", sen referirse a emisión de informes.*

*En relación coa alegación cuarta relativa ao dereito de acceso ao expediente, no contido do recurso citase como normativa de aplicación o artigo 9.4 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, que tamén e a normativa citada na resolución de data 11 de decembro de 2023, non obstante no recurso soamente se cita a primeira parte do apartado nº 4 do artigo 9, sen considerar a segunda onde di " O acceso á información demorarase si a unidade administrativa que xestiona o expediente o estivera utilizando ou completando informes ou trámites no momento no que se requira a súa vista."*

*Polo que o contido do apartado segundo da resolución recorrida e axustado a dereito de conformidade co artigo 9.4 do regulamento orgánico do Pleno do Concello de Vigo citado polo recorrente no recurso presentado, onde di "Estimar a solicitude do concelleiro e voceiro do grupo municipal do BNG, Xabier Pérez Igrexas de acceso ao expediente do reequilibrio económico da concesión do bus urbano, que será habilitado no momento no que se*





*acheguen ao expediente os informes solicitados e preceptivos, para a resolución do expediente.”*

*En relación coa figura do silencio, debe considerarse o contido do apartado segundo da Resolución na que se estima a a solicitude do concelleiro e voceiro do grupo municipal do BNG, Xabier Pérez Igrexas de acceso ao expediente do reequilibrio económico da concesión do bus urbano, que será habilitado no momento no que se acheguen ao expediente os informes solicitados e preceptivos, para a resolución do expediente.*

*En relación coa alegación quinta, o Goberno Local non invoca a eficacia administrativa, senón que aplica o disposto no mencionado artigo 9, 4 e dicir: “O acceso á información demorarase si a unidade administrativa que xestiona o expediente o estivera utilizando ou completando informes ou trámites no momento no que se requira a súa vista.” a falta de informes preceptivos no expediente .*

*E por isto , en uso das facultades delegadas pola Alcaldía en data 20 de xuño de 2023 en materia de solicitude de acceso a información dos concelleiros:*

**RESOLVO:**

*Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Xavier Pérez Igrexas en calidade de concelleiro e Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Vigo contra a Resolución de esta Concellería de data 11 de decembro de 2023, relativa a solicitude de información, polos motivos expostos no informe que antecede, e ser a mesma conforme a dereito .*

*Contra esta resolución pola que se desestima o recurso interposto, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.*

**TERCEIRO.-** Con posterioridade ao informe remitido polo concello, recíbese nesta institución un novo escrito presentado polo reclamante no que, en síntese, pon de manifesto que:

*O 28 de febreiro de 2024, e tras se coñecer publicamente que non se vai emitir por parte da Oficina Nacional de Avaliación (dependente do Ministerio de Facenda) o informe “preceptivo” que motivaba, inda que for de maneira contraria a Dereito, a resolución impugnada do 11 de decembro na que se negaba o acceso ao expediente, quen subscribe formulou unha nova solicitude (Expte. 4298-1101) para (entre outros) ter acceso íntegro ao*

*expediente municipal 3773-449 e toda a documentación municipal existente en relación ao reequilibrio da concesión do servizo de autobús urbano de Vigo.*

*O 4 de marzo de 2024, o Concello de Vigo, a través dunha nova resolución (Expediente 4548-449,4298-1101 documento 240071623), subscrita polo segundo tenente de alcalde e concelleiro da área de goberno de Fomento e Servizos, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, contestaba a reiteración da solicitude de acceso volviendo impedir o mesmo estimándoa de maneira arbitraria e abertamente ilegal "en diferido", condicionando o acceso aos mesmos termos que a impugnada resolución inicial do 11 de decembro.*

Á vista do contido dos escritos presentados polo reclamante e do informe remitido pola Administración, cómpre facer as seguintes

### **CONSIDERACIÓNS**

**PRIMEIRA.**- Este expediente de queixa, céntrase en dúas cuestións:

1º.- Solicitude do reclamante ao concello de información da situación administrativa do expediente de reequilibrio económico da concesión do bus urbano e da cuantificación dunha eventual nova indemnización a Vitrasa.

2º.- Solicitude de acceso íntegro, a través do aplicativo de Xestión de Expedientes Municipais, a toda a documentación obrante en expedientes municipais relativa á cuestión anterior.

**SEGUNDA.**- Respecto da primeira das cuestións plantexadas, debemos ter en conta o seguinte:

1 Mediante resolución de data 11 de decembro de 2023, a solicitude de información formulada polo concelleiro e voceiro do grupo municipal do BNG é desestimada considerando o concello que o dereito de acceso a información pública dos cargos electos limitase aos antecedentes e información existente, pero non alcanza a petición de elaboración de informes específicos

2 A tal efecto a sentenza da Audiencia Nacional do 24 de xaneiro de 2017, entre outras, establece que a normativa de Transparencia recoñece o dereito dos cidadáns ao acceso á información, pero á información que existe e que está xa dispoñible, o que é distinto de recoñecer o dereito a que a Administración produza, aínda que sexa con medios propios, información que antes non tiña, sen que o dereito á información poida ser confundido co

dereito á confección dun informe por un órgano público a instancias dun particular ou, como neste caso, dun concelleiro. O dereito de acceso á información non inclúe o dereito a que as entidades públicas deban realizar unha investigacións para o solicitante, deba contestar a preguntas por escrito, crear ou producir información coa que non contén ou non teñan obrigação de contar ao momento de efectuarse a solicitude.

3 No presente caso, o concelleiro solicita “se lle informe da situación administrativa do expediente de reequilibrio económico da concesión do bus urbano e da cuantificación dunha eventual nova indemnización a Vitrasa”, debendo entenderse como información pública, ao tratarse de contidos ou documentos, en poder do Concello, elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

De acordo coa normativa vixente en materia de Transparencia e a xurisprudencia na materia, non pode considerarse que resulte necesaria para acceder a este tipo de información, unha acción previa de reelaboración de certa complexidade, xa que non se xustifica de maneira clara e suficiente que resulte necesario ese tratamento previo ou reelaboración da información, que se limita a xustificar a denegación á información solicitada na concisa afirmación de que este acceso requiría a elaboración dun informe ad hoc, sen xustificar en ningún momento o seu nivel de complexidade, a dispersión da información, a inexistencia de sistemas de tratamento da información ou incompatibilidade entre eles, tendo en conta que se trata de información relevante e decisiva no proceso de toma de decisións pública e no investimento de fondos públicos.

**TERCEIRA.**-- Respecto da segunda das cuestións plantexadas debemos ter en conta o seguinte:

1 O reclamante solicita que se lle facilite acceso íntegro, a través do aplicativo de Xestión de Expedientes Municipais, a toda a documentación obrante en expedientes municipais relativa a expediente de reequilibrio económico da concesión do bus urbano e da cuantificación dunha eventual nova indemnización a Vitrasa.

2 Mediante resolución de data 11 de decembro de 2023, a solicitude de información formulada polo concelleiro e voceiro do grupo municipal do BNG é estimada se ben se fai constar na propia resolución que será habilitado no momento no que se acheguen ao expediente os informes solicitados e preceptivos, para a resolución do expediente.

3 No caso de solicitude de determinada documentación, como é o caso, dita documentación, que é información pública, de acordo coa definición da Lei 19/2013 (“se entende por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste

título e que foran elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións; art. 13), deberá ser proporcionada, aínda que despois de aplicar as garantías que proceden de acordo coa mesma lei, entre elas a audiencia aos interesados, a aplicación dos límites e causas de inadmisión e as disociacións que correspondan.

O acceso previsto na lei é o electrónico (art. 22.1 da Lei 19/2013 "o acceso á información realizarase preferentemente por vía electrónica, agás cando non sexa posible ou o solicitante sinalara expresamente outro medio").

4 A formulación do dereito de acceso á información é ampla no recoñecemento e na regulación legal do mesmo, tal e como subliña o Tribunal Supremo na súa Sentenza 3530/2017 ("na Lei 19/2013 queda recoñecido o dereito de acceso á información pública como un auténtico dereito público subxectivo, ao establecer que "todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública, nos termos previstos no artigo 105.b) da Constitución Española, desenrolados por esta Lei" (artigo 12); que a Exposición de Motivos da Lei configura de forma ampla ese dereito de acceso á información pública, do que son titulares todas as persoas, e que poderá exercerse sen necesidade de motivar a solicitude; que este dereito só se verá limitado naqueles casos en que así sexa necesario pola propia natureza da información -derivado do disposto na Constitución Española- ou pola súa entrada en conflito con outros intereses protexidos...").

5 O obxectivo da transparencia é someter a escrutinio a acción dos responsables públicos, coñecer como se toman as decisións públicas, coñecer como se manexan os fondos públicos e coñecer baixo que criterios actúan as institucións públicas.

6 A transparencia pública, na que se engloba o acceso á información pública, atópase directamente relacionada co dereito fundamental a recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión (artigo 20.1.d) CE).

7 O réxime xurídico aplicable a unha petición de acceso polos concelleiros aos expedientes de calquera procedemento administrativo, en trámite ou terminado, é o sinalado na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora da Bases do Réxime Local, o Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais así como, na nosa comunidade autónoma, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, segundo a cal, tódolos membros das Corporacións Locais teñen dereito a obter do Alcalde ou Presidente ou da Comisión de Goberno cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función



8 Destacar que a normativa invocada non establece en momento algún como motivo de denegación de acceso ao expediente, a necesaria culminación dos mesmos.

Os concelleiros, como membros electos da corporación local, teñen dereito a coñecer a información obrante na mesma, este dereito debe ser interpretado, como xa vimos sinalando, ampliamente, posto que, cando un concelleiro exerce sas súas funcións non debe atopar cortapisas que vulneren a súa misión de representación política, posto que o dereito de información dos concelleiros non debe estar suxeito aos límites existentes na normativa para outros suxeitos.

Cando se solicita acceso a un "expediente", é dicir, en termos do artigo 164 do ROF é "ao conxunto ordeado de documentos e actuacións que serven de antecedente e fundamento á resolución administrativa, así como ás dilixencias encaminadas a executala", non se está pedindo a posta de manifesto dun documento ou documentos concretos e determinados, senón dun conxunto deles, cuxos elementos poden resultar ao solicitante descoñecidos, é dicir que non sabe que documentos compoñen tal expediente.

Nestes casos facilítase o que consta no expediente, pero os datos e documentos obrantes no mesmo non deben ser denegados. É verdade que non pode darse algo inexistente, pero tamén o é que o solicitante de información descoñece o punto de tramitación dun procedemento e que haberá de dar aceso ao mesmo, que é o pedido, e con elo comprobará a realidade da situación.

Por todo o exposto ata agora considérase necesario , en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello a seguinte :

### **RECOMENDACIÓN**

*Que se informe ao solicitante da situación administrativa do expediente de reequilibrio económico da concesión do bus urbano e da cuantificación dunha eventual nova indemnización a Vitrasa e se lle dea acceso á documentación relativa á información pública solicitada, previa aplicación das condicións legais previstas, en especial a audiencia ás persoas interesadas, a aplicación dos límites e causas de inadmisión e a realización das disociacións que procedan, todo iso de acordo coa lei 19/2013, dándolle acceso ao resto da información tan pronto se formalicen os documentos pendentes na data do informe municipal.*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2) dea conta a esta Institución da

aceptación da resolución, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlles efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, en aplicación o principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo  
(Asinado dixitalmente)